

PROPOSTAS DA ASEMBLEA DE ESTUDANTES DE CIENCIAS POLÍTICAS PARA O CURSO

2007/2008

A Asemblea de Estudantes de Ciencias Políticas como colectivo aberto recolleu as propostas e problemas dos alumnos a través do buzón de propostas o correo electrónico. Fai súas as que neste documento se recollen e tentará dentro das súas posibilidades levalas a cabo para o vindeiro curso empregando os medios dos que dispón, facendo presión, avogando polo cumprimento das leis universitarias..

Deste xeito os obxectivos da Asemblea son:

1. **Clases dunha hora**, xa que o exceso da duración das clases actualmente reduce a capacidade de asimilación e concentración, así como a calidade da explicación do profesorado queda mermada.
2. Pular por un **transporte público de calidade que mellore o acceso á Universidade** dos habitantes dos núcleos de poboación próximos. Ademáis de que a tarxeta universitaria proporcione descontos neste.
3. A Asemblea comprométese a vixiar o **respeito aos dereitos do estudantado** no desenvolvemento da súa actividade académica.
4. **Aumentar o persoal informático da USC** co fin de dinamizar os contidos das webs dos centros e incluso que facilite a xestión de webs dos membros da comunidade universitaria. Ademáis do incremento do número de bolseir@s do **aula de informática** co fin de **aumentar os seus horarios de apertura**.
5. A intalación **de fontes de auga** na Facultade (como existen noutros centros).
6. A creación de **espazos comúns** nos que a comunidade podamos relacionarnos, como podería ser unha cafetería.
7. A creación dunha **sala de prensa** na que se poda facer consultas e incluso práctica, xa que na nosa carreira é fundamental manterse infomad@s da actualidade.
8. Un sistema de ventilación axeitado que non supoña un incremento notable do gasto enerxético, como podería ser a intalación dunhas **fiestras de maior tamaño**.
9. **Realizar actividades culturais** que dinamicen a vida universitaria, tales como palestras, concertos, exposicións, obradoiros...
10. Esixir un **mantemento axeitado da Facultade**, a día de hoxe sufrimos varios problemas tales como desagradables olores en todo o centro debido á falta de mantemento.

11. **División do aula de informática** con algún tipo de barreira móbil, permitindo deste xeito que se poidan impartir clases ao mesmo tempo que @s alumn@s podan acceder aos recursos informáticos que son fundamentais para o desenvolvemento da vida académica.
12. Equipar as aulas con **canóns de vídeo**, permitindo mellorar a calidade da docencia con material multimedia, o cal sería moi desexabel.
13. **Fomentar** que a USC promova realmente o **software libre** instalando estes programas nos seus computadores, o que suporía o aforro de miles de euros en licencias pechadas.
14. Que as **oficinas administrativas da USC amplien o seu horario** de xeito que se permita levar a cabo as xestións administrativas a calquer alumn@ independentemente do horario de clase que teña.
15. Creación de **cursos de galego de balde** destinados a todos aqueles **estudantes que non cursaran estudos previos de galego**, que sexan recoñecidos polas administracións públicas a todos os efectos e que aporten créditos de libre configuración. Ademais sería necesario que tivesen horarios flexibles e que se impartisen en ambos Campus.
16. Promover o **uso real da USC virtual**, para evitar o gasto excesivo de papel e de cartos en reprografía.

Ademais a Asemblea de Estudantes de Ciencias Políticas mantén o seu compromiso coas propostas do curso 2006/2007 para as que durante o mesmo fixo xestións como a recollida de sinaturas, a presentación de instancias, as propias actividades da Asemblea... co fin de acadar a súa realización. Este compromiso será mantido ata que todas elas sexan unha realidade. Podedes consultar o listado completa no web da Asemblea (<http://es.geocities.com/assembleaestudiantes/home.html>), a continuación recollense algunhas delas:

1. **A instalación de mesas nos corredores nas que se podan facer traballos en grupo**, coma as que existen noutras facultades.
2. Solicitud de **información sobre as decisións institucionais dos órganos de goberno da universidade**, xa que consideramos intolerabel a actual situación de desinformación total que temos os membros da comunidade universitaria sobre as decisións destes.

3. **A Asemblea colaborará na xestión e asesorará ós alumnos nas súas queixas diante dos órganos de goberno da facultade**, aportando axuda de todo tipo e os coñecementos sobre lei universitaria das persoas que participan na mesma.
4. Realización de **clases prácticas que realmente o sexan**. Deberían centrarse en actividades que, nun futuro puideran estar ligadas á política ou ó ámbito laboral onde actúen os politólogos.
5. **Non á retirada da quenda da tarde**, xa que pode haber persoas que non poidan acudir pola mañá por motivos laborais. Ademais a quenda única limita a calidade das clases pola concentración de tódolos alumnos nunha mesma aula.
6. **Aumento** do número de **optativas** por unha escaseza de elección. Xa que esta é a parte da carreira na que o estudante atópase un pouco máis ceibe para poder elixir o que estuda; esa liberdade debe ser máis real ampliando o número de materias ás que se pode optar a estudar.
7. Que se imparta unha **asignatura de SPSS**, por ser unha ferramenta indispensable no tratamento de datos.
8. **Máis postos de estudo con bibliografía básica**. Os postos que hai agora resultan escasos sobre todo nos períodos de exames. Ademais ó carecer dunha certa bibliografía (a meirande parte das outras facultades si que dispoñen dela) normalmente temos que desprazarnos á Biblioteca Concepción Arenal. Para solucionar este problema tamén podería ser utilizada unha aula do segundo piso, habitualmente inutilizadas.
9. Instalación dun **panel electrónico de información** á entrada. Disto tamén dispoñen outras facultades. Con el os estudantes e outras persoas da facultade tamén teríamos a oportunidade de nos informar das actividades que se van desenvolver na mesma.
10. **Asignaturas de idiomas técnicos** coma optativas. Consideramos necesaria pór a inclusión no plano de estudos de idiomas técnicos como asignaturas optativas.
11. **Tarxeta** que permita o **estacionamento** de xeito **gratuíto** dos estudantes durante as horas de clase.
12. Avogaremos pola **redución das coutas do SUR**. Estas especialmente nos últimos anos acostuman a ser desorbitadas en comparación cos servizos que se ofertan.
13. **Recollida de todas as especialidades realizadas no título**. Así se se cursan as asignaturas de dúas ou tres polas de Ciencias Políticas no título deberían aparecer todas e non unha soa. Así todo o estudado sería recoñecido como tal.